

ESCOLA DA VIDA

## Políticos e Educacción

18.04.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Xa sei que o primeiro que pensaron ao ler o título deste artigo é: este señor non sabe que educación se escribe cun só c? Pois si, sábese, pero tamén sabe, como pedagogo, que a educación vai sempre intimamente unida á acción, é dicir, a educación está baseada propiamente nos actos educativos, por iso utilícei ese palabra para o encabezamento.

Digo isto, que parece tan elemental, para extraer un pensamento que parece común a moita xente, non xa en España, senón en todo o mundo civilizado: todo se basea en recibir unha boa educación.

Os adultos din que os mozos de hoxe non son educados; os políticos que os actos incívicos son resultado de non ter unha boa educación escolar; e así poderíamos ir poñendo moitos outros colectivos ou persoas que falan da educación como un abstracto que se concreta no que outros deben ou deberían facer, sen percibir que cada acto que un realiza, sexa en vivo e en directo ou mediante calquera medio de comunicación, de forma indirecta, é un acto educativo, e como as persoas somos gregarias e, polo tanto, imitadoras dos actos dos demais, estes vólvense actos educativos, para ben ou para mal do que cada un considere normalidade.

Hai uns días foi nomeado un novo ministro de Educación. É un representante da institución considerada como máxima entidade no ámbito educativo: a Universidade, onde, pola súa vez, exercía como o seu máximo responsable: presidente da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas. Con todo, España non tivo entre os seus 17 ministros da Democracia ningún que saíra das aulas do ramo da Educación. Por un ministerio tan importante teñen transitado licenciados en Dereito como Esperanza Aguirre ou Mariano Rajoy, politólogos como Pilar del Castillo ou Mercedes Cabrera, economistas como María Jesús San Segundo, físicos como Javier Solana, químicos como Alfredo Pérez Rubalcaba ou sociólogos como José María Maravall. O último, Gabilondo, é licenciado en Filosofía e Letras. Non sei se podemos poñer nel as expectativas que todo o mundo ten en Obama para o feito de ordenar a Educación, pero, polo menos, poderemos dicir que ese espazo non lle é alleo. Esperemos que saiba poñer a Educación en mans de bos xestores coñecedores deste mundo, para que logo todos actuemos con educación.